



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Organización de Empresas	Código	770G02132	
Titulación	Grao en Enxeñaría Eléctrica			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Enxeñaría Naval e Industrial			
Coordinación	Bouza Fernandez, Maria Sonia	Correo electrónico	sonia.bouzaf@udc.es	
Profesorado	Bouza Fernandez, Maria Sonia	Correo electrónico	sonia.bouzaf@udc.es	
Web				
Descrición xeral	O obxectivo desta materia é achegar ao futuro enxeñeiro os coñecementos básicos da organización de empresas. Desta maneira, trátase de capacitar ao alumno para desenvolver as competencias básicas para a toma de decisións referentes á planificación, programación e control da produción, así como desenvolver a apreciación da interacción entre a función de produción e as demais funcións da organización.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A2	Capacidade para planificar, presupostar, organizar, dirixir e controlar tarefas, persoas e recursos.
A22	Coñecementos aplicados de organización de empresas.
B4	Capacidade de traballar e aprender de forma autónoma e con iniciativa.
B11	CB4 - Que los estudiantes puedan transmitir información, ideas, problemas y soluciones a un público tanto especializado como no especializado.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	A2	B4	C3
Coñecer e aplicar ferramentas cualitativas e cuantitativas de planificación e control da produción.	A2 A22	B4 B11	
Coñecer e aplicar técnicas de xestión de stocks	A2 A22	B11	C3
Identificar e aplicar conceptos clave na xestión da cadea de suministro	A2 A22		
Coñecer e aplicar técnicas de xestión de proxectos.	A2 A22	B4 B11	C3
Coñecer ferramentas para a xestión e optimización dos sistemas de produción.	A2 A22		C3

Contidos	
Temas	Subtemas
BLOQUE I:A XESTIÓN DA PRODUCCIÓN	Tema 1: A empresa e a súa actividade produtiva. Tema 2: A produción e os sistemas productivos.
BLOQUE II: A XESTIÓN DE STOKS E A CADEA DE SUMINISTRO	Tema 3: Xestión da cadea de subministracións. Tema 4: Xestión de inventarios.



BLOQUE III: PLANIFICACIÓN E CONTROL DA PRODUCCIÓN	Tema 5: Planificación agregada. Tema 6: Planificación de necesidades de material (MRP) Tema 7: Producción "Just in Time" e produción axustada. Tema 8: Estratexia e xestión da calidade.
BLOQUE IV: XESTIÓN DE PROXECTOS	Tema 9: Dirección de proxectos.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Proba mixta	A2 A22 C3	6	0	6
Solución de problemas	A2 A22 B4 B11	6	10	16
Prácticas a través de TIC	A2 A22 B11 C3	18	35	53
Saídas de campo	A22 B11	6	4	10
Sesión maxistral	A2 A22	21	42	63
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Proba mixta	Proba obxectiva composta por preguntas de teoría e exercicios prácticos que valorarán a adquisición dos coñecementos da materia.
Solución de problemas	Resolución de problemas que permitirán afianzar os coñecementos teóricos.
Prácticas a través de TIC	Prácticas no ordenador, para afianzar os coñecementos teóricos e aprender o manexo de diferentes software na planificación da produción e de proxectos.
Saídas de campo	Visitas a empresas para ver a aplicación práctica dos conceptos expostos nas sesións maxistrais.
Sesión maxistral	Exposición do contido teórico dos distintos temas do programa da materia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Solución de problemas Prácticas a través de TIC	Resolución de dúbidas sobre os problemas ou traballos expostos no despacho da profesora.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba mixta	A2 A22 C3	Realizarse un exame parcial que aprobado liberará materia para o exame final e que valorará por separado a parte práctica da teórica.	70
Solución de problemas	A2 A22 B4 B11	Resolución de problemas prácticos ou simulacións de procesos, que poderán entregarse en clase ou se requirirá a súa realización polo alumno fóra das aulas.	10
Prácticas a través de TIC	A2 A22 B11 C3	Prácticas no ordenador que se realizarán na aula o fora de ela e que requiran a súa entrega dentro dun prazo	15
Saídas de campo	A22 B11	Visita a unha ou varias empresas, das cales plantearase un traballo.	5

Observacións avaliación



Para liberar a materia do examen parcial, requirírase cumprir os requisitos mínimos fixados no exame e obter unha calificación total (teoría+práctica) mínima de 4.

A nota final das probas mixtas obtense mediante a media das mesmas, sempre e cando se cumpran os requisitos mínimos fixados no exame e se obteña unha calificación total mínima de 4 en cada un deles. No caso de non cumprir os requisitos, pero a nota media sexa igual ou superior a 4, a calificación final da materia será de SUSPENSO (4).

Para superar a materia é CONDICIÓN NECESARIA:

Superar todas as partes das recollidas na táboa, sen que ningunha das notas sexa inferior a 4 (nota mínima para compensar) Cumprir os requisitos mínimos fixados nos exames. As notas dos traballos e do examen parcial gardarase ata a 2ª oportunidade (xullo). En segunda oportunidade só poderase recuperar a proba mixta, no pudiéndose recuperar o resto de metodoloxías da táboa anterior.

Na avaliación da oportunidade adiantada de decembro, só se terá en conta o exame que terá unha ponderación do 100%. Para superar a materia nesta oportunidade deberánse cumprir os requisitos mínimos fixados no exame.

Durante o curso confirmarase se leva a cabo a visita á empresa ou no seu caso asistirase a algún evento científico, en calquera dos dous, requirírase a realización dun traballo.

O "alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia" comunicará o inicio do curso a súa situación á profesora da materia, según establece a normativa da UDC. No caso de que este

alumnado non poida asistir á visita á empresa plantexada, a profesora

planteará un traballo alternativo.

Fontes de información

Bibliografía básica	- Domínguez Machuca, J.A. et al. (1995). Dirección de operaciones. McGraw-Hill - Casanovas, A.; Cuatrecasas, LI (2001). Logística empresarial. Gestión 2000 - Heizer, J; Render, B. (2009). Dirección de la producción. Prentice Hall
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Xestión Empresarial/770G01010

Tecnoloxías de Fabricación/770G01015

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable e cumprir

co obxectivo da acción número 5: "Docencia e investigación

saudable e sustentable ambiental e social" do Plan de Acción Green

Campus Ferrol:- A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia: Solicitarase en formato virtual e/ou soporte informático.

Realizarase a través de Moodle, en formato dixital sin necesidade de imprimilos. De ser necesario realízalos en papel: Non se empregarán plásticos.

Realizaranse impresións a dobre cara. Empregarase papel reciclado. Evitarase a impresión de borradores. - Débese facer un uso sostible dos

recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías